

Formación profesional

Adaptación na programación para a finalización do curso 2019-2020

Centro educativo

Código	Centro	Curso académico
36007552	CIFP A GRANXA	2019-2020

Ciclo formativo

Código	Nome
CMAGA03	CM Xardinaría e floraría

Módulo profesional

Código	Nome
MP0580	Establecementos de floraría

Alumnado

Réxime	Modalidade	Grupo
Ordinario	Presencial	2º

Docente (se procede, indicar o nome e os apelidos)

Nome e apelidos
Emma Iglesias Arbor

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019-2020, nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Criterios de avaliación do terceiro trimestre afectados (por cada unidade didáctica)

1.1 Identificación da unidade didáctica

Nº	Unidade didáctica			
-	-			
Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Imprescindible (si, non)	Desenvolverase neste curso (si, non)	Instrumento de avaliación
▪	▪			
▪	▪			
▪	▪			
▪	▪			

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

AVALIACIÓN:

Será continua e global e terá en conta o progreso do alumnado no conxunto das áreas do currículo, a través da observación continuada da evolución do proceso de aprendizaxe, establecendo medidas de reforzo educativo no caso de que se considere adecuado. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do módulo, en canto se detecten as dificultades, coa fin de garantir a adquisición das aprendizaxes necesarias para continuar o proceso educativo, poñendo a disposición do alumnado material de reforzo e ampliación de cada unidade didáctica (UD).

MÍNIMOS EXIXIBLES E MÍNIMOS IMPRESCINDIBLES:

Para acadar unha avaliación positiva á fin do curso, o alumnado deberá de ter os coñecementos teórico prácticos suficientes para demostrar que se acadaron os resultados de aprendizaxe (RAs) relacionados no currículo, superando os criterios de avaliación (CAs) considerados como mínimos. Éstes mínimos exixibles serán todos os CAs, agás os seguintes: 1.5, 2.4, 3.2, 4.1, 4.5, 4.8, 5.2.

Como CAs mínimos imprescindibles para unha avaliación positiva, téñense os seguintes: 1.1, 1.2, 1.6, 2.1, 2.3, 2.5, 3.1, 3.3, 3.6, 4.2, 4.3, 4.7, 5.1, 5.3, 5.4, 5.5, 5.6.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A) Probas escritas.

Constarán de varias preguntas tipo test, V/F, curta. Valoraranse de 0 a 10 puntos. O valor de cada pregunta indicárase en cada proba. A copia ou tentativa durante a realización implicará suspenso para todo o alumnado implicado.

B) Actividades teórico-prácticas.

Constarán de: tarefas pendentes, cuestionarios, traballos, e correccións anotadas sobre as anteriores (se é o caso). A súa entrega e valoración detállanse nos seguintes apartados.

PESO DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

A) Probas escritas = 60%.

Sendo necesario acadar o 40%, como mínimo, previa ponderación. No caso do alumnado suspenso, poderá non ser imprescindible a súa realización (ver indicacións no apartado específico do alumnado suspenso). No caso do alumnado PD, sí será imprescindible, en calquera caso, e coa flexibilización que fora precisa.

B) Actividades teórico-prácticas = 40%.

A execución e a entrega deberá de ser do 100% das actividades exixidas. Estarán completas e en prazo. Tamén se deberán entregar as súas correccións (se é o caso), completas, e en prazo. Isto suporá, no caso do alumnado suspenso, o aprobado directo (cualificación de 5, con valoración e redondeo á alza tendo en conta, por avaliación continua, todo o realizado durante os 2 trimestres anteriores). No caso do alumnado PD, suporá acadar o 40% da cualificación total (cualificación de 4 e posterior ponderación co exame final). As entregas parciais suporán, en ambos casos, cualificacións proporcionais asociadas, e ligadas á posterior ponderación co exame final.

CUALIFICACIÓNS:

A cualificación trimestral será o promedio das notas resultantes de cada un dos apartados anteriores, unha vez aplicadas as correspondentes ponderacións. A cualificación final do módulo obterase por avaliación continua, tendo en conta a evolución do alumnado (suspensos, durante todo o curso; PD, durante iste periodo).

A cualificación final expresarase en números enteiros, entre 1 e 10, considerándose positivas as puntuacións iguais ou superiores a 5. Farase o redondeo da nota ó número enteiro inmediatamente superior se o 1º decimal é superior a 5, e ó número enteiro inmediatamente inferior se o 1º decimal é igual ou inferior a 5.

Para superar o módulo é necesario ter todas as avaliacións aprobadas. Aprobar a 2ª avaliación non implica ter a 1ª avaliación superada.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

Criterios de avaliación imprescindibles (por cada unidade didáctica)

Nº	Unidade didáctica			
1	DESEÑO DE ESTABLECEMENTOS DE FLORARÍA			
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
x		<ul style="list-style-type: none"> RA1 - Distribúe as dependencias e os elementos dunha floraría, para o que analiza criterios técnicos, prácticos, estéticos e de confortabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CA1.1 Caracterizáronse as dependencias dunha floraría. 	Cuestionario e proba escrita.
x		<ul style="list-style-type: none"> RA1 - Distribúe as dependencias e os elementos dunha floraría, para o que analiza criterios técnicos, prácticos, estéticos e de confortabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CA1.2 Descríronse os elementos e a moblaxe de cada dependencia. 	Cuestionario e proba escrita.
x		<ul style="list-style-type: none"> RA1 - Distribúe as dependencias e os elementos dunha floraría, para o que analiza criterios técnicos, prácticos, estéticos e de confortabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CA1.6 Acondicionouse a superficie do local comercial. 	Cuestionario e proba escrita.

Nº	Unidade didáctica			
2	TAREFAS, TÉCNICAS E EQUIPAMENTOS			
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
x	x	<ul style="list-style-type: none"> RA2 - Organiza as actividades do taller de floraría e describe as tarefas, para o que interpreta os métodos de organización. 	<ul style="list-style-type: none"> CA2.1 Caracterizáronse as actividades do taller de floraría. 	Cuestionario e proba escrita.
x	x	<ul style="list-style-type: none"> RA2 - Organiza as actividades do taller de floraría e describe as tarefas, para o que interpreta os métodos de organización. 	<ul style="list-style-type: none"> CA2.3 Seguíronse os protocolos establecidos para os pedidos. 	Cuestionario e proba escrita.
x	x	<ul style="list-style-type: none"> RA2 - Organiza as actividades do taller de floraría e describe as tarefas, para o que interpreta os métodos de organización. 	<ul style="list-style-type: none"> CA2.5 Organizáronse os equipamentos, as ferramentas e os materiais propios do taller de floraría. 	Cuestionario e proba escrita.

Nº		Unidade didáctica		
3		ORGANIZACIÓN DA LIMPEZA E DO MANTEMENTO		
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
	x	<ul style="list-style-type: none"> RA3 - Organiza a limpeza e realiza o mantemento das instalacións, os equipamentos, as máquinas e as ferramentas dunha floraría, para o que interpreta os protocolos e os manuais de mantemento. 	<ul style="list-style-type: none"> CA3.1 Estableceuse o plan de limpeza dunha floraría. 	Cuestionario e proba escrita.
	x	<ul style="list-style-type: none"> RA3 - Organiza a limpeza e realiza o mantemento das instalacións, os equipamentos, as máquinas e as ferramentas dunha floraría, para o que interpreta os protocolos e os manuais de mantemento. 	<ul style="list-style-type: none"> CA3.3 Controlouse a recollida e a retirada dos residuos. 	Cuestionario e proba escrita.
	x	<ul style="list-style-type: none"> RA3 - Organiza a limpeza e realiza o mantemento das instalacións, os equipamentos, as máquinas e as ferramentas dunha floraría, para o que interpreta os protocolos e os manuais de mantemento. 	<ul style="list-style-type: none"> CA3.6 Coordináronse a limpeza e o mantemento coas actividades produtivas propias de floraría. 	Cuestionario e proba escrita.

Nº		Unidade didáctica		
4		ORGANIZACIÓN DO ALMACENAMENTO E DA CONSERVACIÓN		
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
	x	<ul style="list-style-type: none"> RA4 - Controla e organiza o almacenamento e a conservación de materias primas, materiais e produtos habituais en floraría, e describe os sistemas e as técnicas asociadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CA4.2 Clasificáronse e colocáronse as materias primas e os materiais. 	Cuestionario e proba escrita.
	x	<ul style="list-style-type: none"> RA4 - Controla e organiza o almacenamento e a conservación de materias primas, materiais e produtos habituais en floraría, e describe os sistemas e as técnicas asociadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CA4.3 Controláronse os parámetros da cámara frigorífica. 	Cuestionario e proba escrita.
	x	<ul style="list-style-type: none"> RA4 - Controla e organiza o almacenamento e a conservación de materias primas, materiais e produtos habituais en floraría, e describe os sistemas e as técnicas asociadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CA4.7 Comprobáronse os pedidos e a documentación asociada á súa recepción. 	Cuestionario e proba escrita.

Nº		Unidade didáctica		
5		DESEÑO E MONTAXE DE EXPOSICIÓNS E ESCAPARATES		
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
x	x	<ul style="list-style-type: none"> RA5 - Monta escaparates e exposicións na sala de vendas da floraría, para o que identifica criterios funcionais, estéticos e comerciais. 	<ul style="list-style-type: none"> CA5.1 Caracterizáronse os tipos de escaparates e os elementos que os integran. 	Cuestionario, traballo e proba escrita.
x	x	<ul style="list-style-type: none"> RA5 - Monta escaparates e exposicións na sala de vendas da floraría, para o que identifica criterios funcionais, estéticos e comerciais. 	<ul style="list-style-type: none"> CA5.3 Caracterizáronse elementos vexetais e os complementos decorativos non florais e de ambientación no escaparate. 	Cuestionario, traballo e proba escrita.
x	x	<ul style="list-style-type: none"> RA5 - Monta escaparates e exposicións na sala de vendas da floraría, para o que identifica criterios funcionais, estéticos e comerciais. 	<ul style="list-style-type: none"> CA5.4 Mediuse e acondicionouse a zona de escaparate ou exposición. 	Cuestionario, traballo e proba escrita.
x	x	<ul style="list-style-type: none"> RA5 - Monta escaparates e exposicións na sala de vendas da floraría, para o que identifica criterios funcionais, estéticos e comerciais. 	<ul style="list-style-type: none"> CA5.5 Realizouse o bosquexo do escaparate. 	Cuestionario, traballo e proba escrita.
x	x	<ul style="list-style-type: none"> RA5 - Monta escaparates e exposicións na sala de vendas da floraría, para o que identifica criterios funcionais, estéticos e comerciais. 	<ul style="list-style-type: none"> CA5.6 Localizáronse os elementos representados no bosquexo. 	Cuestionario, traballo e proba escrita.

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación para o alumnado con partes suspensas concréntanse do seguinte xeito:

- Repaso dos temas non superados aclarando as dúbidas e consultas ao respecto. Realización e entrega de cuestionarios. Se é o caso, anotación e entrega de correccións sobre ises cuestionarios, trala corrección e explicación da docente.
- Realización en entrega dos traballos pendentes. Se é o caso, anotación e entrega de correccións sobre ises traballos, trala corrección e explicación da docente.

Poderase, nesta situación excepcional de confinamento e aprendizaxe a distancia, e atendendo á flexibilización requirida, prescindir de probas escritas ou exame final, sempre e cando se entreguen completas e en prazo, todas as tarefas de recuperación, as tarefas pendentes, e (se é o caso) as demandadas correccións con respecto ás anteriores. Especialmente se se detectan dificultades ou necesidades especiais.

As devanditas actividades poderán ser realizadas polo alumnado no período de recuperación, de xeito autónomo e con apoio e baixo das directrices e supervisión da docente, manexando os materiais e recursos entregados en aula, e posteriormente tamén a través de email e drive.

Naquelas que o alumnado precise reforzo, a docente dobrará o apoio individual e específico, a maiores. Poderase empregar audio e videochamada.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Aquel alumnado que supere o 10% de faltas inxustificadas terá perda do dereito á avaliación continua (PDAC ou PD), segundo a normativa vixente.

Para este alumnado farase unha proba onde se inclúan todos os criterios de avaliación (CA), onde os mínimos esixibles serán os mesmos que nas avaliacións ordinarias xa realizadas no presente curso 2019/20, así como os instrumentos de avaliación, agás as modificacións indicadas no presente documento de adaptación durante o confinamento (ver apartado anterior).

O alumnado PD pasará a avaliarse polo procedemento extraordinario, que consistirá nunha única proba que contén:

- Parte teórica, na que se proporán cuestións sobre os contidos desenvolvidos ao longo de todo o módulo.
- Parte práctica, con exercicios e casos prácticos relacionados cos contidos desenvolvidos ao longo de todo o módulo.

O alumnado PD tamén deberá entregar unha serie de tarefas, cuestionarios e traballos, adaptados, e relacionados con todos os contidos do curso. Se é o caso, tamén a anotación e entrega de correccións sobre esas actividades, trala corrección e explicación da docente.

As devanditas actividades poderán ser realizadas polo alumnado no período de recuperación, de xeito autónomo e, dada a situación xeral, e como excepción con respecto ó habitual, tamén con apoio e baixo das directrices e supervisión da docente, manexando os materiais e recursos entregados a través de email e drive.

8. Medidas de atención á diversidade

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

Para iste tipo de alumnado facilitarase e flexibilizarase a recuperación do módulo.

Medidas a tomar:

- Reiterar explicacións por diferentes métodos e medios.
- Explicar e indicar cada pregunta dos cuestionarios.
- Traballar con marxes amplas de tempos de entrega.
- Traballar con marxes amplas tamén nas correccións e aclaracións e a nova entrega.
- Ofrecer marxes amplas de aviso previo e franxa horaria tamén en caso de probas escritas ou exame final.
- En determinados casos de necesidade, poderíase chegar a ofrecer o exame final con resposta falada, total ou parcial, mediante videochamada.
- Asimesmo, poderíase chegar a prescindir do exame final, sempre e cando: se asistise á maioría das clases e das prácticas durante os 2 primeiros trimestres, se entregasen as tarefas (incluídas as pendentas), cuestionarios, traballos e correccións, durante o 3º trimestre e dentro dos amplos prazos acordados, e completas.